

VI-ANEXO III-ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DERIVADA DA ORDE DO 25 DE XANEIRO POLA QUE SE ACTUALIZA A NORMATIVA DE AVALIACIÓN. DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

1 Xustificación.

A “ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia” publicada no DOG do 11 de febreiro de 2022, actualiza a normativa relativa á avaliación, á promoción/titulación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato que resultan de aplicación ata a implantación das modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no currículo, na organización e nos obxectivos e nos programas de cada unha desas etapas, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia con implantación no curso académico 2021/2022.

Debido a esta actualización, é preciso modificar a programación do Departamento para adecuala á normativa vixente.

2 Cambio nas datas de avaliación.

O cambio no proceso de avaliación indicado na Orde, leva consigo aparelado a modificación nas datas previstas para avaliar ao alumnado, que quedarían fixadas segundo o amosado na seguinte táboa:

	3ª Avaliación	Avaliación Final	Av. Extraordinaria
ESO	do 6 ao 9 de xuño	a partir do 23 xuño	-
1º BACH	do 6 ao 9 de xuño	do 6 ao 9 de xuño	a partir do 23 xuño

3 Adaptación da programación á normativa.

Debido ao cambio de datas de avaliación, veranse afectados os contidos a impartir que se tiñan programados inicialmente.

Ademais, debe modificarse a realización de actividades nesta fase final do curso como tamén deberán cambiarse os criterios de avaliación.

3.1 Programación de actividades

A continuación, especificase como se vai proceder no desenvolvemento da materia de Física e Química nos períodos comprendidos entre a finalización da 3ª avaliación e a avaliación final para a ESO ou entre a avaliación final e a avaliación extraordinaria para 1º de Bacharelato.

- **ESO:**

- **Alumnado que non supera a materia na avaliación final provisional.**

- O alumnado que non supere a materia na avaliación final provisional deberá realizar todas as probas e/ou actividades de recuperación derivadas do informe de avaliación individualizado realizado polo equipo docente.

- **Alumnado que supera a materia na avaliación final provisional.**
O alumnado que supera a materia pode mellorar a nota final provisional ata un máximo de 0,5 puntos.
Realizaranse probas escritas, actividades, exercicios e traballos cuxa valoración (descrita no apartado 3.2) permitirá acadar, como máximo, eses 0,5 puntos sobre a nota final provisional.
- **1º Bacharelato:**
 - **Alumnado que non supera a materia na avaliación final.**
O alumnado que non supere a materia na avaliación final deberá realizar as actividades propostas polo profesorado que conduzan á preparación da proba extraordinaria indicada na normativa.
 - **Alumnado que supera a materia na avaliación final.**
O alumnado que supera a materia realizará unha serie de actividades que abranguen os contidos esenciais da parte da Química e a Física impartida ao longo do curso e que lles permitirá reforzar e aprofundar os citados contidos.

3.2 Modificación dos criterios de avaliación.

- **ESO:**
 - **3ª avaliación (mes de xuño):** Porase a cualificación da 3ª avaliación. Neste intre estarase en disposición de asignar unha cualificación final provisional que será a media aritmética das notas reais das tres avaliacións, non das notas do boletín (que son as reais redondeadas). O requisito para aprobar a materia será obter unha cualificación mínima de cinco (5) no cálculo da nota final. No caso de non acadala, o alumnado deberá seguir o procedemento establecido na avaliación final.
 - **Avaliación final do mes de xuño:** Nesta avaliación farase efectiva a cualificación definitiva do alumnado.
 - **O alumnado que non supere** a materia coa nota da avaliación final provisional deberá realizar todas as probas e/ou actividades de recuperación (a finais do mes de xuño), derivado do informe de avaliación individualizado realizado polo equipo docente, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo profesorado.
 - A proposta deste Departamento (para incorporar ao informe individualizado) do procedemento para asignar unha nota final á materia será segundo a fórmula:
$$\bar{x} = \sum_{i=1}^n p_i \cdot x_i$$
onde x_i é a nota de cada proba (de 0 a 10) e p_i é a ponderación de cada proba, a criterio do profesorado. A suma de todas as ponderacións debe ter o valor de un (1).
 - Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a cinco (5) puntos ou ben o establecido no citado informe de avaliación final.

- En caso de non superar a materia, a cualificación do alumnado será a nota máis alta entre a media das tres avaliacións ou a nota da recuperación.
- **O alumnado que supera a materia** coa nota da avaliación final provisional pode mellorar dita nota ata un máximo de 0,5 puntos.
 - Utilizarse un procedemento de avaliación de probas escritas, cuxos instrumentos serán: actividades, exames, traballos, ou calquera outro instrumento aplicable ao caso que lle permitirá ao alumnado incrementar ata un máximo de 0,5 puntos a súa cualificación final provisional.
 - O valor que se engadirá á cualificación final provisional para determinar a cualificación final definitiva da materia obterase segundo a fórmula:

$$\Delta x = \frac{1}{20} \sum_{i=1}^n p_i \cdot x_i \text{ onde } x_i \text{ é a nota de cada proba (de 0 a 10) e } p_i \text{ é a}$$

ponderación de cada proba, a criterio do profesorado. A suma de todas as ponderacións debe ter o valor de un (1).

- **1º BACHARELATO:**

- **3ª avaliación (mes de xuño):** Porase a cualificación da 3ª avaliación.
- **Avaliación final do período ordinario (xuño):** A cualificación final definitiva do alumnado será a media aritmética das notas reais das tres avaliacións, non das notas do boletín (que son as reais redondeadas). O requisito para aprobar a materia será obter unha cualificación mínima de cinco (5) no cálculo da nota final. No caso de non acadala, o alumnado deberá seguir o procedemento establecido na avaliación extraordinaria.
- **Avaliación extraordinaria (xuño):** O alumnado que non supere a materia na avaliación final ordinaria, poderá realizar unha proba a finais do mes de xuño, sobre a materia da avaliación na que non acadou a nota mínima. Se contara con máis dunha avaliación suspensa, deberá examinarse de todas as partes suspensas, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo centro. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a cinco (5) puntos.